

CAMPUS ONDE SE IMPARTEN AS TITULACIÓNS

S	Campus de Santiago de Compostela (USC)
L	Campus de Lugo (USC)
C	Campus da Coruña (UDC)
F	Campus de Ferrol (UDC)
O	Campus de Ourense (UVIGO)
P	Campus de Pontevedra (UVIGO)
V	Campus de Vigo (UVIGO)

A vinculación das titulacións universitarias coa opción ou vía de acceso do Bacharelato LOXSE ou coa opción cursada no COU regúlase polas OM do 30 de maio de 1995 (BOE do 7 de xuño), OM do 26 de decembro de 1996 (BOE do 10 de xaneiro de 1997), OM do 28 de agosto de 1998 (BOE do 9 de setembro), OM do 6 de maio de 1999 (BOE do 8 de maio), OM do 25 de novembro de 1999 (BOE do 30 de novembro), OM do 27 de xuño de 2000 (BOE do 4 de xullo) e OM do 14 de maio de 2001 (BOE do 22 de maio).

As vías de acceso do Bacharelato LOXSE e as opcións do Curso de Orientación Universitaria (COU) que figuran no cadro anterior son as seguintes:

- * **Vías de acceso do Bacharelato LOXSE:**
1. Científico-Tecnolóxica
 2. Ciencias da Saúde
 3. Humanidades
 4. Ciencias Sociais
 5. Artes

- * **Opcións do COU:**
- A. Científico Tecnolóxica
 - B. Biosanitaria
 - C. Ciencias Sociais
 - D. Humanidades

Cando no conxunto de materias optativas cursadas polo alumno/a na súa opción de COU, figuren as obrigatorias doutra, terá os dereitos de preferencia que conceden as dúas opcións (para o alumnado que teña superadas as PAAU con anterioridade ao curso 2003-2004).

O símbolo (*) significa que a titulación impartida no correspondente Campus **é adscrita**.

O símbolo (**) significa que a titulación precisa de **proba específica de acceso**.

O símbolo (@) significa que a titulación impartida é **sen límite** de prazos.

O símbolo (▲) significa que son Estudos de Grao adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) implantados no SUG no curso 2008-2009.

O símbolo (△) significa que son Estudos de Grao pendentes de verificación pola ANECA (Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación). Os que obteñan unha avaliación positiva poderán impartirse no próximo curso 2009-2010, logo de seren autorizados pola Xunta de Galicia. No caso de non autorizarse, se impartirá o título correspondente da LRU.